



Malpica - Malpica de Bergantiños, 1980-03

**Informante:** Sebastián Rois Porto (mariñeiro, 64)

**Compiladora:** Dorothé Schubarth

**Transcripción:** Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

282

Sómo-las mulleres  
que vimos comprar  
os nosos bacaros  
pa poder criar.

Baixou unha pest'a Malpica  
veu facer moitos estraghos  
qu'houbo unha chea de pobres  
que quedaron sin bacaros.

Criába-nos con afán  
con intinción de matar  
a ver se par'o inverno  
tiñan algho que salar.

Pero moi pronto báixou  
esa peste desgraciada  
que lle quitou nas ideas  
sin adiantarse nada.

Buscaron mil manciñeiros  
que lle entenderan o mal  
e dentro de poucos días  
tiñan qu'ir pró areal.

Alí er'o cementerio  
de cantos porcos morrían  
non se paraba 'n Malpica  
con tal cheirume qu'había.

Rezatabanll'a Atalaia  
os Carreiros e Canido  
as millores madicinas  
foron as que dou Verdillo.

Enchíanles de sal\_lighera  
e d'aceit'alghunha ghota  
varias cortadas no rabo  
escarnizaball'a boca.



E qué decir de Carral  
estando tan separado  
tan retirado do mundo  
enfermoull'o seu bacaro.

Anque era un animal  
tíña-no ben respetado  
con melgha seca por baixo  
e por riba un encerado.

Un día estando comendo  
foi o pequeno mirar  
levantoull'o encerado  
non o vío esparnear.

O rapaz tod'asustado  
a Carral llo foi decir  
e Carral collío o libro  
axudouno a ben morir.

A nai decía “Adiós porco”  
Os fillos: “Adiós rinchóns,  
que queríamos comé-los,  
quedamos cas intincións”

E Delores da Carrilla  
vend'o seu porco morrer  
doulle varias lavativas  
sin saber qu'iba facer.

Un día cun xiringazo  
non se soupo entender  
quedoull'a xiringa dentro  
non ña pudo collar.

Dispói-la pobre muller  
tuvo que determinar  
de meter o dedo dentro  
empezou de cachear.

E Blanco da Atalaia  
tamén ñe pasou así  
abriull'a ghorxa ó medio  
a ver se o tiña alí.

# ID#581



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudios das  
identidades

O porco morrío co mal  
ou porque quixo morrer  
que non foi polo melghacho  
qu'inda estaba sin comer.

Pó-la Capellana  
tamén o coidou  
asta caldo limpo  
ó porco lle dou.

Manoel de Dorinda  
foi bañá-lo porco  
levouno prá casa  
e morreull' ó lombo.